

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Novembro 2005 COMUNICADO

En novembro de 2005 os prezos das exportacións creceron por riba dos prezos das importacións.

O índice de prezos das exportacións creceu un 4,3% en novembro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 4,3% en novembro de 2005 con respecto a novembro de 2004. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada un crecemento do 4,2%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 0,6%; os bens de equipo creceron un 6,3% e os bens intermedios creceron un 8,0%.

O índice de prezos das importacións creceu un 2,7% en novembro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 2,7% en novembro de 2005 con respecto a novembro de 2004. Corrixido de estacionalidade o índice de importacións creceu igualmente nun 2,7%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 5,6%; os bens de equipo creceron un 15,8% e os bens intermedios creceron un 6,5%.


Índices de valor unitario. Novembro 2005. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	102,7	4,3%	0,5%
Importacións/introduccións	103,2	2,7%	3,7%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	100,5	4,2%	0,5%
Importacións/introduccións	101,1	2,7%	3,7%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 1994.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es